



“1.1.—O artigo 25 queda redactado como segue:

“ARTIGO 25.—TARIFAS.

- 1.—Licencia de Cans Potencialmente Perigosos: 10,00 euros.
  - 2.—Ficha identificativa individual: 12,00 euros.
  - 3.—Renovación de licencias: 6,00 euros.
  - 4.—Inscripción no Rexistro APP: 15,00 euros.
  - 5.—Inscripción no Censo de Animais de Compañía: 8,00 euros.
  - 6.—Modificacións rexistras: 3,00 euros.
  - 7.—Cancelación rexistral: 3,00 euros.”
- 1.2.—A Disposición Final queda redactada como segue:

“Disposición Final.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada por acordo do Pleno de data 01 de agosto de 2002 e modificada por acordo do Pleno de data 03 de xullo de 2014, entrará en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva e texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación dende esa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”

Na Illa de Arousa, 25 de setembro de 2014.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2014008261

\* \* \*

## O I A

*Edicto da Alcaldía para a elección de Xuíz de Paz*

Estando próximo a finalizar o periodo de mandato polo que se nomeou Xuiz de Paz titular e sustituto e para dar cumprimento ó disposto nos artigos 101 e ss. da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5 do Regulamento dos Xuices de Paz, por medio da presente se concede un prazo de 15 días hábiles para que todos os interesados que cumpran cos requisitos establecidos formulen a súa solicitude ante este Concello, facendo constar que o expediente completo se encontra nas dependencias da Secretaría, donde poderá ser examinado. Á solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Certificado de nacemento.
- Certificado de antecedentes penais.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que lle incapacite para o exercicio de cargo de Xuiz de Paz.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade.

En Oia, a 30 de setembro de 2014.—O Alcalde-Presidente, Alejandro Rodríguez Rodríguez.

2014008263

\* \* \*

## O PORRIÑO

E D I C T O

Contra o acordo adoptado o día 25 de agosto de 2014 polo que se efectuou a aprobación provisional do expediente de crédito extraordinario 3/2014, non se presentou ningunha reclamación; polo que se considera definitivamente aprobado, de conformidade co disposto nos artigos 177 en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o a texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o artigo 38.1 e 38.2 en relación co 20.3 do R.D. 500/1990, de 20 de abril.